



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

persoal

Convocatoria e bases para cubrir unha praza de policía en comisión de servizos

ANUNCIO

Expediente núm. 2024/E001/000012 2025/G003/000140

No procedemento de referencia, foi ditado o Decreto núm. 133/2025, do 17 de xaneiro (2025/G003/000140), que na súa parte dispositiva, establece e o seguinte:

“1º) Efectuar a convocatoria do procedemento para efectuar un nomeamento en comisión de servizos dunha persoa funcionaria de carreira coa categoría de policía.

2º) Aprobar as bases que rexen no procedemento, que teñen a seguinte redacción:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O DESEMPEÑO EN COMISIÓN DE SERVIZOS DUN POSTO/PRAZA DE POLICÍA DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria é o desempeño en comisión de servizos de carácter voluntario dunha (1) praza/posto de policía do Corpo de Policía Local, da escala básica, de conformidade cos artigos 81.3 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015 (TRLEBEP) e 96 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, coas seguintes características:

- Grupo/subgrupo de clasificación: C/C1
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Servizos Especiais
- Clase: Policía Local e os seus auxiliares
- Escala (art. 24 da Lei 4/2007, do 20 de abril): básica

O período durante o que se ocupará a vacante en comisión de servizos será ata a provisión definitiva da mesma, por un período máximo dun ano prorrogable por outro mais, de conformidade co disposto no artigo 64.3 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo aprobado polo Real decreto 364/1995 (RXI), do 10 de marzo, de aplicación á administración local por mandato do artigo 168 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes

Para participar na presente convocatoria será necesario reunir os seguintes requisitos referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias:

- Ter a condición de persoal funcionario de carreira, pertencente á escala básica, categoría de policía -ou como se denomine a categoría equivalente no caso de proceder dun Corpo de Policía Local doutra Comunidade Autónoma- do subgrupo C1 de clasificación.

- Atoparse en situación de servizo activo, debendo faltarlle dous anos, polo menos, para o pase á situación de segunda actividade por razón de idade.

TERCEIRA. Presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes, ás que se achegará a documentación que se indica nesta base e nas que se declarará o cumprimento das condicións de participación esixidas, serán dirixidas ao concello no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP).

As solicitudes presentaranse **única e exclusivamente** na sede electrónica do Concello das Pontes (<https://https://sede.aspontes.org/opencms/gl/>), ao abeiro do disposto no artigo 6.4 f) do Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez (BOP número 44, do 08/03/2021).

A instancia presentarase sin suxeición a ningún modelo determinado.

A presentación da instancia en papel (no concello, en oficinas de correos ou a través do sistema SIR de calquera administración) dará lugar á **exclusión** da persoa participante.

Se unha incidencia técnica, debidamente acreditada, imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema, o órgano convocante poderá acordar a ampliación do prazo de presentación de solicitudes ou a presentación substitutoria.

Deberá presentarse, xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.

- Certificado do concello de orixe acreditativo de que o/a aspirante é funcionario/a de carreira dun corpo da Policía Local, con praza de policía, escala básica, subgrupo de clasificación profesional C1 e que se atopa en servizo activo. No mesmo certificado deberá determinarse o tempo de prestación de servizos como policía local no concello de procedencia e, de ser o caso, a prestación de servizos como policía local noutros concellos. Tal certificado ha de vir acompañado de informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Relación dos méritos que se aleguen acompañada dos documentos acreditativos dos mesmos.

As persoas aspirantes poderán ser requiridas pola comisión de valoración en calquera momento para a presentación dos documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos, co fin da debida acreditación dos méritos alegados.

CUARTA. Relación de aspirantes admitidos/as

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica deste concello e na páxina *web* municipal, concedéndose o prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións. Ditas reclamacións, de habelas, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará igualmente a lista definitiva.

No caso de non haber reclamacións ditarase igualmente resolución declarando a lista como definitiva.

Esta resolución aprobatoria da lista definitiva será igualmente publicada na sede electrónica e na páxina *web* municipal.

QUINTA. Desenvolvemento do proceso selectivo

O sistema selectivo empregado será o do concurso no que se valorarán os seguintes méritos:

1. Experiencia laboral:

- Por cada mes completo prestado en postos de traballo da escala básica de Policía Local, categoría de policía ou equivalente: 0,10 puntos.

- Por cada mes completo prestado en postos de traballo doutras categorías da Policía Local: 0,12 puntos.

- Por cada mes completo prestado noutros corpos ou forzas de seguridade do Estado ou Comunidades Autónomas: 0,05 puntos.

- Por cada mes completo prestado noutros corpos e escalas das administracións públicas: 0,03 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia laboral só serán tidos en conta os servizos prestados como persoal funcionario de carreira.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións expedidas polas Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos.

A puntuación máxima por experiencia laboral será de quince (15) puntos.

2. Formación:

Por cursos de formación profesional ou outras actividades formativas relacionadas coa actividade policial desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou órganos equivalentes ou centros de formación doutras administracións ou entes públicos ou mediante convenios ou protocolos de colaboración da mesma con concellos, deputacións, e outras entidades públicas:

- Por cada hora de formación: 0,02 puntos.

Non se terán en conta para os efectos de valoración os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade, nin os cursos repetidos salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso.

Para a acreditación destes méritos deberá presentarse certificación ou diploma expedido pola entidade ou organismo que impartiu a acción formativa de que se trate que deberá expresar a súa duración en horas, xa que no seu defecto outorgarase a puntuación de 0,02 puntos.

A puntuación máxima por formación será de catro (4) puntos.

SEXTA. Comisión de valoración

A comisión de valoración estará constituída por unha persoa para o desempeño da función de presidencia, unha para a de secretaría e tres para as vogalías, e a designación nominal das persoas titulares e as respectivas suplentes levarase a cabo a través da resolución municipal que aprrobe a lista definitiva de admitidos e excluídos a este proceso selectivo e será publicada coa mesma.

Os/as membros desta comisión de valoración terán que ser persoal funcionario de carreira das administracións públicas pertencentes a corpos, escalas ou categorías para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso á categoría de policía dun Corpo de Policía Local (subgrupo de clasificación profesional C1).

A comisión de valoración non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos respectivos suplentes.

Todas as persoas integrantes da comisión de valoración terán voz e voto e estarán suxeitas ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), sobre causas de abstención e recusación.

SÉTIMA. Cualificación do concurso

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos alegados polos aspirantes.

Rematado o proceso de valoración de méritos, a comisión de valoración elaborará unha relación dos aspirantes coa puntuación final obtida de maior a menor. En caso de empate na puntuación final acudirase para dirimilo á puntuación global outorgada no apartado de experiencia laboral. De continuar o empate acudirase á maior puntuación obtida na categoría de policía dentro do apartado de experiencia laboral, e de de persistir o empate a orde establecerase por sorteo en acto público.

OITAVA. Proposta para o nomeamento

Unha vez elaborada a relación de persoas aspirantes por orde decrecente de puntuación, a comisión de valoración exporá o citado documento co resultado obtido polas persoas aspirantes na sede electrónica (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e e na páxina web municipais..

Á dita relación as persoas aspirantes poderán presentar, a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) as alegacións ou reclamacións que consideren pertinentes no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na sede electrónica da entidade local. Estas reclamacións, de habelas, serán resoltas pola comisión de valoración, que efectuará a proposta de nomeamento a prol da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

Co resto das persoas aspirantes a Comisión elaborará unha relación complementaria á que acudir no caso de renuncia ou de imposibilidade de incorporación da persoa aspirante proposta para o nomeamento. Igualmente poderá ser utilizada cando se evidencie a necesidade dunha nova comisión de servizos durante o prazo máximo dun ano contado a partir da publicación desta relación complementaria.

NOVENA. Presentación de documentos, nomeamento e toma de posesión

No prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da publicación na sede electrónica e na páxina web municipal da proposta de nomeamento, a persoa aspirante proposta deberá de presentar a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) o documento acreditativo da conformidade expresa do órgano competente da administración de procedencia coa comisión de servizos obxecto desta convocatoria.

A persoa aspirante proposta que presente a documentación referida será nomeada funcionario/a en comisión de servizos polo órgano competente debendo de tomar posesión do respectivo posto no prazo establecido regulamentariamente.

Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera no prazo sinalado.

DÉCIMA. Incidencias

A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas se presenten e adoitar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

As persoas interesadas poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou, ou directamente ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación no BOP deste acto, de conformidade co artigo 124 da LPACAP.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria e as súas bases reitoras e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, á elección da persoa demandante, a teor do disposto no artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa (LRXCA). Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

3º) Publicar a convocatoria e as súas bases no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP), na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios electrónico municipal (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>).

As Pontes de García Rodríguez, 17 de xaneiro de 2025

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá
Ana María Pena Purriños

2025/310